

Celebramos as Letras Galegas

Persoas homenaxeadas

1963 Rosalía de Castro	1964 Daniel Rodríguez Castelao	1965 Eduardo Pondal	1966 Francisco Añón	1967 Manuel Curros Enríquez	1968 Florentino López Cuevillas	1969 Antonio Noriega Varela	1970 Marcial Valladares Núñez
1971 Gonzalo López Abente	1972 Valentín Lamas Carvajal	1973 Manuel Lago González	1974 Xoán Vicente Viqueira	1975 Xoán Manuel Pintos	1976 Ramón Cabanillas	1977 Antón Villar Ponte	1978 Antonio López Ferreiro
1979 Manuel Antonio	1980 Afonso X o Sabio	1981 Vicente Risco	1982 Luís Amado Carballo	1983 Manuel Leiras Pulpeiro	1984 Armando Cotarelo Valledor	1985 Antón Losada Diéguez	1986 Aquilino Iglesia Alvariño
1987 Francisca Herrera Garrido	1988 Ramón Otero Pedrayo	1989 Celso Emilio Ferreiro	1990 Luís Pimentel	1991 Álvaro Cunqueiro	1992 Fermín Bouza-Brey	1993 Eduardo Blanco Amor	1994 Luís Seoane
1995 Rafael Dieste	1996 Xesús Ferro Couselo	1997 Ánxel Fole	1998 Trobadores da ría de Vigo	1999 Roberto Blanco Torres	2000 Manuel Murguía	2001 Eladio Rodríguez González	2002 Frei Martín Sarmiento
2003 Avilés de Taramancos	2004 Xaquín Lorenzo, Xocas	2005 Manuel Lorenzo Varela	2006 Manuel Lugrís Freire	2007 María Mariño	2008 Xosé María Álvarez Blázquez	2009 Ramón Piñeiro	2010 Uxío Novoneyra
2011 Lois Pereiro	2012 Valentín Paz Andrade	2013 Roberto Vidal Bolaño	2014 Xosé María Díaz Castro	2015 Xosé Filgueira Valverde	2016 Manuel M ^a Fernández Teixeira	2017 Carlos Casares	2018 María Victoria Moreno
2019 Antonio Fraguas	2020 Ricardo Carballo Calero	2021 Xela Arias					

Frases feitas (II)

- **Quita de aí, ese queixo non o queren nin os cans:** Non querer ninguén [algo] [por ser de mala calidade].
- **Do que dixo a Isolina... nin caso... oe cantar o galo e non sabe onde:** Non entender ben algo que se oíu.
- **Vaite con tino, non vaías poñer carro diante dos bois:** Antepoñer os desexos á realidade.
- **Mira, non me quentes as orellas que xa bastante teño eu co meu:** Reprender, criticar, importunar, molestar contando algo.
- **Ándalas buscando, e vouche quentar o lombo:** Bater [a alguén], dar unha tunda [a alguén].
- **Fidel é moi aberto de man con toda a familia, mira como reparte:** Ser unha persoa xenerosa.
- **Antía éche aguda coma un allo, mira para ela:** Persoa intelixente e traballadora.
- **Manuel é cuspidiño á súa tía Avelina:** Parecerse a alguén.
- **Non cabe dúbida que es de boa boca:** Pouca esixencia coa comida e bo apetito.
- **Moncho é un bo peixe... coidado co que che conta:** Ser unha persoa desvergoñada.
- **Oooooi, non lle teñas moito creto ao que conta Pedro, é un bota por ela:** Ser unha persoa amiga de se gabar.
- **Minia é unha lingua de trapo... contou todo o que lle dixu Paulo:** Aquela persoa incapaz de gardar segredos.
- **Que lingua pezoñosa ten meu deus, é unha cousa terrible:** Persoa groseira ao falar, bocalán; persoa que di cousas que ofenden ou feren.
- **Manuel ten a Xaquín debaixo dun dente por algo que lle fixo hai anos:** Non soportar [alguén], caer mal [a alguén].
- **Non me xuntes allos con cebolas, a partida gañeina eu:** Confundir ou mesturar cousas ou feitos moi diferentes, que non teñen nada en común.

O verbo. As perífrases verbais (II)

Dar + participio

- Indica se unha acción se rematou ou cumpriu: **Non dei aberto a porta da entrada.**

Estar + xerundio / Estar + a + infinitivo

- Acción en proceso: **Está facendo un debuxo da súa irmá / Está a facer un debuxo da súa irmá.**

Andar + xerundio / Andar + a + infinitivo

- Acción en proceso, reiterativa ou prolongada no tempo: **Anda estudando para o exame / Anda a estudar para o exame.**

Botar(se) + a + infinitivo

- Comezo da acción: **Boteime a perder desde que cambiei de cidade.**

Estar + para + infinitivo

- Acción a punto de ter lugar: **Estaba para pechar cando entraron varias clientas.**

Ter + participio

- Idea de repetición en experiencias pasadas: **Teño comido máis veces esas patacas asadas.**



Ligazóns de interese

- >> Homenaxeadas/os no Día das Letras Galegas
- >> Xela Arias. Real Academia Galega
- >> Xela Arias. Cultura Galega
- >> Día das Galegas nas Letras
- >> Recursos informáticos para traballar en galego
- >> Guía para configurar as principais ferramentas ofimáticas en galego



Notas da sesión